

aos postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2006.

Terceiro.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Área ou ámbito da praza	Candidatos seleccionados
Asesoría de bibliotecas escolares	Cristina Novoa Fernández Pilar Sampedro Martínez
Asesoría de bioloxía e xeoloxía	Alberto Rodríguez Rogina
Asesoría de educación infantil	Eva García Sexto
Asesoría de educación primaria	Emilio Antonio García Fernández
Asesoría de ciencias sociais, xeografía e historia	Raúl Soutelo Vázquez
Asesoría de física e química	José Francisco Serrallé Marzoa
Asesoría de linguas estranxeiras	Francisco Javier San Isidro Agrelo María Blanca Fraga Lago
Asesoría de educación en valores	Rosa María Fernández García

Orde do 24 de agosto de 2006 pola que se resolve o concurso de méritos para cubrir postos de directores e/ou directoras dos centros de formación e recursos convocado pola Orde do 20 de xuño de 2006 (Diario Oficial de Galicia do 21 de xuño).

Por Orde do 20 de xuño de 2006 (DOG do 21 de xuño) convócase concurso de méritos entre funcionarios e funcionarias de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, con destino en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para cubriren postos de directores e/ou directoras dos centros de formación e recursos

En aplicación do disposto no artigo 8 da orde de convocatoria, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública, no anexo que se xunta, a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso de méritos convocado pola referida orde.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 8.2º da Orde do 20 de xuño de 2006 (DOG do 21 de xuño) os seleccionados quedarán adscritos aos postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2006.

Terceiro.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Centros de formación e recursos	Candidatos seleccionados
A Coruña	Celestino Pérez Recarey
Ferrol	Xosé Ramos Rodríguez
Santiago de Compostela	Gonzalo Anaya García
Lugo	Manuel Díaz Regueiro
Ourense	José Lage Rodríguez
Pontevedra	María M. Álvarez Lires
Vigo	Francisco Javier Portas Oliveira

Orde do 24 de agosto de 2006 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, para cubriren postos de asesores nesta consellería.

Por Orde do 24 de abril de 2006 (DOG do 3 de maio) convócase concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, para cubriren postos de asesores na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En aplicación do disposto no punto décimo segundo da orde de convocatoria, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública, no anexo que se xunta, a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso de méritos específico convocado pola referida orde.

Segundo.-De conformidade co disposto no punto décimo segundo da Orde do 24 de abril de 2006 (DOG do 3 de maio) os seleccionados quedarán ad-

critos aos postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2006.

Terceiro.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Denominación da praza	Candidatos seleccionados	Destino
1. Apoio aos servizos educativos que se desenvolverán baixo o proxecto Siega.	Juan Marcos Filgueira Gomis David Lorenzo Blanco Guillermo Méndez Lojo	Secretaría Xeral (Santiago de Compostela).
2. Apoio aos centros docentes na implantación das novas tecnoloxías e servizos educativos segundo o proxecto Siega.	Camilo Conde Iglesias (Melide) Xosé Manuel Iglesias Diz (Tui)	Secretaría Xeral (situado fisicamente na sección do CFR da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria Santiago de Compostela: Melide, Tui).
3. Asesor Siega.	Manuel Carreira López	Secretaría Xeral (Santiago de Compostela).
4. Apoio aos contidos educativos baixo o proxecto Siega.	Mª Mar Rodríguez González	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (Subdirección Xeral de Ordenación Educativa).
5. Desenvolvemento curricular de ciclos formativos.	José Manuel Rey Rilo Mª Angeles Fandiño de la Torre José Antonio Jardón Bahía	Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.
6. Relación e convenios con empresas e outras institucións.	María Pilar Álvarez Martínez	Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.
9. Desenvolvemento curricular de formación profesional a distancia.	Elena Vera Mederos	Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.
12. Programas de cualificación profesional inicial.	Mª Teresa Delgado Vázquez	Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.
13. Ensinanzas de idiomas de réxime especial.	María Luz Ares Fandiño	Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.
14. Ensinanzas deportivas.	María Paz Gago	Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.
15. Técnico para a educación e formación ao longo da vida.	José Luis Bernárdez Jorge	Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.
16. Asesor/a técnico na descrición e control de calidade do equipamento escolar, almacenamento e distribución deste, así como da normativa que regula os devanditos procesos.	Jesús Luis Ares Casal	Secretaría Xeral (Subdirección Xeral de Construcións e Equipamento).
17. Apoio ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais.	José Francisco Palmeiro Díaz Alfredo Álvarez Rivera	Secretaría Xeral.
18. Asesor/a de avaliación e calidade.	Concepción Garéfa Sánchez	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
19. Asesor/a de planificación educativa.	Leopoldo Bahillo Varela	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Denominación da praza	Candidatos seleccionados	Destino
20. Asesor/a Consello Escolar de Galicia.	José Ángel Seoane Cao	Consello Escolar de Galicia.
21. Asesor técnico en avaliación de lingua galega.	Margarita Chamorro Díaz	Secretaría Xeral de Política Lingüística.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 25 de agosto de 2006 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, dous postos de traballo vacantes que se indican no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os funcionarios de carreira que reúnan as condicións que para os postos se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería do Medio Rural, nas súas delegacións provinciais ou en calquera das oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unir á súa solicitude un *curriculum vitae* e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de resultaren seleccionados para ocupar os postos de traballo funcionarios con destino noutras administracións públicas, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma conforme o previsto no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e nas demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderán declararse desertos os postos de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior radica na mesma localidade do novo destino, e dun mes, se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo do funcionario. Este prazo empezase